

ACLARACIONES AO ESCRITO PRESENTADO POR DONA PILAR VIDAL BARRIO, SECRETARIA DA XUNTA ELECTORAL DA FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO.

D. Yago Lanzós Gesto, presidente da Xunta Electoral para eleccións a membros da Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidente da Federación Galega de Tiro Olímpico, en contestación ao escrito presentado por Dona Pilar Vidal Barrio, no rexistro da Federación do día 19 do mes en curso, no que non consta a quen o dirixe, pero coa finalidade de aclarar a situación plantexada pola Secretaria da Xunta electoral, manifestar o seguinte:

Sobre a reunión da Xunta Electoral realizada o día 17 de outubro de en curso, aclarar os seguintes extremos:

O Calendario electoral establecía para ese día, a resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais a Membros da asemblea e Presidente da Federación.

Presentaron reclamacións formuladas por D. Julio Rivas Iglesias, D. Carlos Bermudez Cociña, como presidente do Club Costa Lucense, D. Gervasio Murado Linares e Dona Margarita M^a. García Penelas, presentan reclamacións contra a candidatura presentada por D. José María Fajardo de Andrade y Shcachter a presidente da Federación, solicitando a súa exclusión, en base a que formou parte da mesa electoral de A Coruña, para a eleccións a membros da Asemblea, nas que non era candidato.

D. Yago Lanzós Gesto, ausente, nese intre, por asuntos laborais, participa na reunión vía telefónica, e presenta un borrador da Acta, non a Acta como di a alegante, para o seu estudo e posterior resolución. Esta práctica foi costume durante todo o proceso electoral, que por calquera membros da Xunta Electoral, se redactase un borrador para facilitar a redacción da acta definitiva, e así reducir considerablemente o tempo das reunións. Considerase a acta definitiva unha vez pasada o libro correspondente e asinada polos correspondentes membros.

Dona Pilar Vidal Barrio, votou en contra da resolución da Xunta electoral. Na redacción da acta, por erro, aparece por unanimidade. Cunha dilixencia anexa, aclárase que foi por maioría: dous votos a favor e un en contra, o da interesada. Recordar aquí, que é Secretaria a que ten que redactar as actas das reunións, polo que non pode achacar a ninguén os erros cometidos nelas.

Dona Pilar Vidal Barrio, pretendeu incluír na reunión de data 18 de outubro, a deliberación doutros asunto, fora da orde do día, que o calendario electoral establecía para esa data: "Resolución das reclamacións presentadas as candidaturas a membros da Comisión delegada e Presidente da Federación".

Dona Pilar Vidal Barrio, en contra do seu comitido, negouse a redactar a acta definitiva e asinala, debendo facelo o resto dos membros da Xunta electoral, en base

que non se lle permitiu incluír asuntos que non estaban contemplados no calendario electoral para ese día.

No que se refire aos parágrafos 1 e 2 da xustificación do voto da interesada, cumpre reiterar o recollido na acta da Xunta electoral de data 18 do mes de outubro en curso:

“D. José María Fajardo de Andrade y Shcachter non presentou candidatura a membro da Asemblea Xeral por ningún estamento, polo tanto non era candidato nas eleccións a membros da asemblea celebradas o pasado 22 de setembro, cumprindo así co Artigo 9.3 do vixente Regulamento, relativo aos interventores de mesa, que establece: Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas a membros da asemblea xeral.

O Artigo 9.4 do vixente Regulamento electoral, establece que unha vez constituídos os órganos reitores da federación, entenderase disoltas as mesas electorais. A Xunta Electoral da Federación Galega de Tiro Olímpico, con data 2 de outubro, procedeu á proclamación definitiva dos membros electos da asemblea, entendendo así que este órgano reitor (Asemblea xeral), quedou constituído.

O Feito de formar parte dunha mesa electoral, como interventor, non sendo candidato a membro da Asemblea Xeral por ningún estamento, non está entre os requisitos excluíntes á candidatura de Presidente da Federación.

Para a elección a Presidente e Membros da Comisión Delegada, constituírase unha mesa electoral con arreglo ao establecido no devandito Artigo 9.III do Regulamento electoral.

A Xunta electoral reitera a non admisión das reclamacións en base a que suporía a limitación dos dereitos do candidato a Presidente, D. José María Fajardo de Andrade y Shcachter, e supostamente, de tódalas persoas, que por obrigación, tiveron que formar parte das mesas electorais a membros da asemblea xeral “.

No que se refire o parágrafo 3 da xustificación do voto da interesada, suliñar que non se admita a candidatura de D. José María Fajardo de Andrade y Shcachter, por non haber presentado a renuncia como membro da Comisión Xestora. Teño que manifestar que non son certas as súas manifestacións, pois o interesado presentou a súa renuncia na delegación da Federación en A Coruña o pasado día 27 de setembro, como consta nos arquivos da Federación.

Sobre as súas xestións na secretaría da Federación, aclarar que o cese foi presentado, como se dixo, na delegación da Federación en A Coruña, onde por certo, non existe delegada da Federación. Foi o persoal administrativo da Federación quen non observou urxencia de enviar dita documentación a Lugo.

Suliñar que o candidato, D. José María Fajardo de Andrade y Shcachter, cumpriu cos requisitos esixidos polo vixente Regulamento electoral para ser candidato a Presidente da Federación Galega de Tiro Olímpico.

A Xunta electoral, na súa reunión de data 10 de outubro, para a “proclamación provisional de candidaturas a Presidente e Comisión Delegada”, acordaron, por unanimidade, admitir as candidaturas presentadas.

A páxina web da Federación é un medio de comunicación que non crea ningunha obriga, e a súa actualización está en función dos medios técnicos e dos recursos humanos. Pódese comprobar que aínda figuran como “Xunta directiva” os membros que ocuparon eses cargos antes do proceso electoral e non por iso é efectiva.

Dona Pilar Vidal Barrio, solicitou, que se publicase o seu escrito na páxina web da Federación. Para facer pública esta situación, e por e coñecemento das persoas que se poida sentir afectadas, acordo publicar tamén as presentes alegacións ao escrito da interesada.

Lugo, 22 de outubro de 2018
O Presidente da Xunta Electoral,



Asdo. Yago Lanzós Gesto.